

IDIOMA

Traballar con ámbitos referentes

22.05.2011 Convenio de Anxo Lorenzo co gremio dos escritores

REDACCIÓN . SANTIAGO

A Secretaría xeral de Política Lingüística aposta pola potencialidade das letras galegas para darlles pulo á difusión e á promoción social do idioma de Galicia. Para isto, explicou que conta coa colaboración de entidades que son un "referente neste ámbito", como é o caso do PEN Club de Galicia e da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG).

Por unha parte, co PEN Clube de Galicia, o departamento que dirixe Anxo Lorenzo estableceu un programa de colaboración para este ano a través do cal se desenvolverán diversas iniciativas dirixidas a conmemorar os 50 anos do falecemento de Aquilino Iglesia Alvariño.

Este marco de colaboración coa entidade que preside Luís González Tosar tamén inclúe actos de homenaxe a Xosé María Díaz Castro no ano en que se cumpre medio século da publicación do poemario *Nimbos*. O PEN Clube de Galicia recordará a Díaz Castro na III Festa da Palabra, que terá lugar o día 9 de xullo na Insua dos Poetas.

Por outra banda, desde Política Lingüística considérase que as actuacións promovidas coa AELG inciden na difusión das obras dos escritores e escritoras en lingua galega e tamén na súa proxección no exterior. Con este fin, colaborará este ano coa entidade que preside Cesáreo Sánchez na ampliación da fonte informativa e documental do portal web da AELG, que incorpora distintas fichas sobre autores e autoras galegas.

Ademais, o ciclo de conferencias *Escritores na Universidade* e a *III Residencia de Escritores Galegos* son outras das iniciativas que levará a cabo a AELG para difundir e promover o galego a través da literatura.

Segundo apuntou o departamento de Anxo Lorenzo nun comunicado, avanzar na investigación e na difusión da obra de escritores referentes da literatura galega "é outra das apostas" da Secretaría Xeral para favorecer a promoción social da lingua.

Para isto, apoia as principais fundacións de autor como a Fundación Rosalía de Castro, a Fundación Vicente Risco, a Fundación Otero Pedrayo e a Fundación Carlos Casares.

Entre as numerosas iniciativas coas que colabora coa Fundación Rosalía de Castro inclúense diversos actos de homenaxe á escritora, como a conmemoración do traslado do seu corpo ao Panteón de Galegos Ilustres ou o aniversario do seu falecemento.

Arredor doutro referente da literatura galega, como recordou a Xunta, nace a Fundación Otero Pedrayo, que este ano lle concederá o Premio Trasalba ao catedrático de Lingua e Literatura Galega Ramón Lorenzo polo seu traballo a favor da lingua e a cultura de Galicia.

PERSPECTIVAS

Fundación Risco e Carlos Casares

A Fundación Vicente Risco -con sede en Allariz- organizará en colaboración coa Xunta unhas xornadas en homenaxe a Francisco Fernández del Riego que recoñecerán os seus labores en beneficio da cultura galega. Ao mesmo tempo, difundirá a obra de Vicente Risco a través do ciclo de cinema denominado *Os mundos de Vicente Risco*.

Finalmente, a difusión e promoción da lingua galega a través da literatura tamén se impulsará en colaboración coa Fundación Carlos Casares. Política Lingüística apoiará esta entidade na realización dos Diálogos Literarios da Fundación e do Curso de Comunicación Audiovisual de Celanova (Ourense).